



## ACTA DE APERTURA DE SOBRES A E B DAS PROPOSICIÓNIS PRESENTADAS PARA OPTAR Á CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE CONTRATO DE ASISTENCIA XURÍDICA DE NAUTA SANXENXO

Na sede social de Nauta Sanxenxo, S.L. sendo as 11:40 horas do día trece de xuño de dous mil dezaseis, constituída a mesa composta por D. José Juan Vidal Vilanova, como Interventor Xeral, D. Gonzalo Gonzalo Pita como Presidente e Alcalde, D. David Otero Domínguez como Concelleiro de desenvolvemento económico, emprego e facenda e membro do Consello de Administración de NAUTA SANXENXO e Dona Mónica Martínez Montes, como técnico da mercantil "Nauta Sanxenxo, S.L.", da fe deste acto.

Procédese a apertura dos sobres A e B das dúas plicas presentadas, a valoración resultante é a seguinte:

### I. SOBRES A:

1. **PLICA NÚM. UN:** presentada pola empresa CONCHEIRO ABOGADOS,S.L.

Aberto o **sobre A**, constátase que inclúe declaración responsable para contratar. Admítese.

2. **PLICA NÚM. DOUS:** presentada por D. Elías Barros Estevez.

Aberto o **sobre A**, constátase que inclúe declaración responsable para contratar. Admítese.

### II. SOBRES B:

1. **PLICA NÚM. UN:** presentada pola empresa CONCHEIRO ABOGADOS, S.L.

Aberto o **sobre B**, constátase que D. Juan Ángel Concheiro Liñares en nome e representación da empresa CONCHEIRO ABOGADOS, S.L. oferta o servizo de asistencia xurídica polo prezo anual de 9.600,00 € sen IVE, resultando un prezo mensual de 800€ sen IVE. Inclúe memoria descriptiva das actividades previstas . Admítese.

2. **PLICA NÚM. DOUS:** presentada por D. Elías Barros Estévez.

Aberto o **sobre B**, constátase que D. Elías Barros Estévez, oferta o servizo de asistencia xurídica polo prezo anual de 11.500,00 € sen IVE resultando un prezo mensual de 958,33€ sen IVE. Inclúe memoria descriptiva das actividades previstas.


Admítese

### III. ADMITIDAS:

Acórdase admitir as dúas ofertas e que se remitan a Dª María Asunción Lorenzo Outón persoal ~~y~~ técnico especializado en razón da materia obxecto de contratación para que realice un informe sobre as mesmas no que figurará unha proposta de atribución de puntuación conforme aos aspectos sobre os

que versará a negociación. Unha vez realizada a valoración das ofertas presentadas, abrirase a fase de negociación coas diferentes persoas físicas ou xurídicas que presentaron as ofertas sobre a base das mesmas.

Lida a acta, sen reclamacións polos asistentes, dáse por finalizado o acto cando son as 11:55 horas; de todo o que dou fe.




D. JOSÉ JUAN VIDAL VILANOVA  
INTERVENTOR XERAL

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Gonzalo".

D. GONZALO GONZALO PITA  
PRESIDENTE

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "David".

D. DAVID OTERO DOMÍNGUEZ  
CONCELLEIRO DE ECONOMÍA

A handwritten signature in blue ink, appearing to read "Mónica".

Dña MÓNICA MARTÍNEZ MONTES  
TÉCNICO DE NAUTA SANXENXO